

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 18 DE ABRIL DE 2012.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 18 de abril de 2012, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D<sup>a</sup>. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D<sup>a</sup> MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO, con retraso. (PP)

D<sup>a</sup> MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

NON ASISTE:

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste o Interventor acctal D. JOSÉ ANTONIO BOUZAS NEO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 23.03.2012.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.02.2012 AO 13. 04.2012.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESAFECTACIÓN DE TERREO.

4º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2011.

5º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2011.

6º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DA AVALIACIÓN ANUAL DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO.

7º) MOCIÓN.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

---

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 23.03.2012.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 23 de marzo de 2012.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

### **2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.02.2012 AO 13. 04.2012.**

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22. 2. a. da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

10.02.12.- Adxudicación á empresa BARBATANA S.L., a execución do contrato de servizos de: ESCOLAS DEPORTIVAS 2012.

10.02.12.- Adxudicación á empresa BARBATANA S.L., a execución do contrato de servizos de: ESCOLAS CULTURALS 2012.

10.02.12.- Adxudicación á empresa BARBATANA S.L., a execución do contrato de servizos de: ESCOLAS MUSICAIS 2012.

10.02.12.- Anulación excursión "Saída cultural a Chaves 2012".

10.02.12.- Remisión copia expediente ao Tribunal Contencioso-Administrativo polo recurso interposto por Juan José Santomil Vieites e Alejandro Trasbach Somoza.

10.02.12. Personarse no procedemento citado anteriormente perante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela encomendando tal defensa e representación ao Letrado-Asesor Xurídico da Deputación Provincial de A Coruña Ramón Valentín López Rey.

10.02.12.- Finalización do expediente reposición da legalidade das obras que se estaban a realizar sobre as parcelas núm. 39 e 40 de Chave de Ponte.

10.02.12.- Finalización do expediente de paralización de actividade de explotación porcina en Brans de Abaixo.

10.02.12.- Solicitud de axudas para o programa de "FOMENTO DA CONCILIACIÓN NAS ENTIDADES LOCAIS e PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO".

10.02.12.- Inclusión de veciños na actividade Encontros-Baile para a terceira idade para o ano 2012.

13.02.12.- Requirimento aos herdeiros de Carmen Romero Bahameiro para manter a seguridade da edificación sita en Pérros e impedir o desprendemento de elementos e a súa caída á vía pública.

13.02.12.- Aprobación dunha baixa definitiva na escola infantil.

13.02.12.- Aprobación de gasto polo importe de 87,53 € (emerxencia social).

17.02.12.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de subministro de gasóleo A e C.

- 17.02.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cableuropa SAU).
- 20.02.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1410,52 euros (Helvetia Suiza SA).
- 21.02.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 80,12 euros (Estación Servicio Manzaneda).
- 21.02.12.- Aprobación do expediente de contratación do subministro de gasóleo A e C.
- 23.02.12.- Aceptación do cambio dun vehículo do servizo de taxi.
- 24.02.12.- Convocatoria sesión extraordinaria do Pleno para o 29 de febreiro de 2012.
- 24.02.12.- Incoación expediente de reposición da legalidade a Antonio Bello Couso pola execución de obras de ampliación de caseta de madeira no Lg de A Torre.
- 24.02.12.- Incorporacións e baixas nas actividades de prevención e inserción.
- 24.02.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 29,25 euros (Gas Natural SUR).
- 27.02.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 60,69 euros (Centyc Europa).
- 28.02.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1453,04 euros (Telefónica España).
- 28.02.12.- Ordear a Marcial Crespo Barbeito a demolición dun galiñeiro e desmontaxe de galpón prefabricado na aldea da Gándara.
- 28.02.12.- Ordenar a Ramón Gómez Barreiro a retirada de tullas en Souto.
- 28.02.12.- Requerimento a Indalecio Pérez Blanco para retirar o seu vehículo que se atopa abandonado na Av. dos Ánxeles.
- 29.02.12.- Altas no padrón de habitantes no mes de febreiro.
- 29.02.12.- Baixas no padrón de habitantes no mes de febreiro.
- 29.02.12.- Pago de nóminas.
- 29.02.12.- Alta dun veciño no servizo de axuda ao fogar.
- 29.02.12.- Pago de gratificacións a un laboral.
- 29.02.12.- Pago de gratificacións a dous funcionarios.
- 29.02.12.- Abono da diferenza entre os complementos específicos polo posto de interventor accidental.
- 29.02.12.- Recoñecemento de trienios a tres laborais.
- 01.03.12.- Traslado de expediente de baixa de oficio ao Consello de Empadramento.
- 01.03.12.- Designar como representantes do Concello na Comisión de Seguimento do convenio de colaboración para a execución de variantes da AC-300 e AC-451 ramais de acceso á autovía Santiago- Brión a: José Luis García García, e Manuel Carbajo Capeáns.
- 01.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 415,48 euros (Telefónica Móviles España).
- 01.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 188,80 euros (Telefónica Móviles España).
- 01.03.12.- Inicio procedemento sancionador tráfico.
- 01.03.12.- Expediente sancionador de tráfico.
- 01.03.12.- Cancelación parcial do depósito constituído para a indemnización ou compensación derivadas de adxudicación de aproveitamento lucrativo AR-11.

01.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 26.957,00 euros (facturas varias).

02.03.12.- Devolución do aval bancario do servizo de Vacacións para a terceira idade 2011 en País Vasco e sur de Francia, por importe de 2.023,58 euros.

02.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 235,94 euros (facturas varias).

05.03.12.- Devolución do aval bancario do servizo de Catering da escola infantil municipal, por importe de 5.052,96 euros.

05.03.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de marzo de 2012.

05.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 3.116,40 euros (Instalaciones y Turismo Joven SA).

05.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 159 euros (Mapfre Familiar SA).

07.03.12.- Elevación a definitivo dos acordo de aprobación do orzamento xeral.

07.03.12.- Remisión de expediente ao Xulgado Contencioso polo recurso interposto por Carmen Dolores Agraso Vara contra desestimación da responsabilidade patrimonial do Concello por danos na propiedade da recorrente ( zona de rodadura da rampa e solado de acceso ao garaxe).

07.03.12.- Personarse no procedemento citado anteriormente perante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, encomendando a defensa e representación ao Letrado-Asesor Xurídico da Deputación de A Coruña Ramón Valentín López Rey.

07.03.12.- Autorización ao voceiro do PP para ver a documentación referente aos expedientes tramitados polo Concello por mor de obras no lugar de A Torre.

07.03.12.- Iniciar expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón de Habitantes.

07.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 100 euros (CP Agro Novo).

08.03.12.- Aprobación dunha axuda de emerxencia para “pago de subministros” pola cantidade de 251,16 €

08.03.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de febreiro 2012.

08.03.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de febreiro de 2012.

09.03.12.- Interposición de recurso contencioso-administrativo contra a resolución do Presidente do Organismo Autónomo Augas de Galicia, en relación con procedemento administrativo sancionador.

09.03.12.- Autorización para celebrar o día 19 de marzo de 2012 os festexos de San Xosé no lugar de A Igrexa-Bastavales.

12.03.12.- Convocatoria de sesión ordinaria da XGL para o 13 de marzo.

13.03.12.- Solicitud de subvención para desenvolvemento de servizos sociais 2012 da Deputación.

13.03.12.- Solicitud de subvención para realización de proxectos de envellecemento activo para persoas maiores 2012 da Deputación.

13.03.12.- Solicitud de subvención para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes 2012 da Deputación.

14.03.12.- Solicitud de axudas para os programas de apoio á cultura e o deporte, dirixidos a concellos para actividades e investimentos 2012 da Deputación.

- 14.03.12.- Solicitud de axudas para os programas dirixidos a concellos para actividades e investimentos de promoción económica 2012 da Deputación.
- 15.03.12.- Aprobación do gasto de anticipo de caixa fixa pola cantidade de 660,00 € para o pagamento de pequenos gastos da escola infantil municipal.
- 16.03.12.- Incoación expediente de reposición da legalidade a URBAN SERVICIOS INMOBILIARIOS, S.L. por non axustar a actividade que se está a desenvolver en Rourís, á licenza de apertura concedida.
- 16.03.12.- Aprobación liquidación das taxas da XGL celebrada o 13 de marzo.
- 16.03.12.- Relación de veciños incluídos no Programa Municipal de Transporte Colectivo Gratuíto.
- 16.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 5,50 euros (gastos de peaxe).
- 16.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 42,95 euros (Recreativos Presas S.L).
- 16.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 306,57 euros (Helvetia Suiza).
- 16.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 549,44 euros (Augas de Galicia).
- 19.03.12.- Convocatoria de Comisións e Pleno extraordinario a celebrar o 23 de marzo.
- 20.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cableuropa SAU).
- 21.03.12.- Inclusión de veciños na actividade Encontros-Baile para a terceira idade 2012.
- 21.03.12.- Aprobación dunha emerxencia social a un veciño en concepto de “condicións de habitabilidade”.
- 21.03.12.- Convocatoria extraordinaria XGL para o 22 de marzo.
- 22.03.12.- Relación de veciños que van participar na Viaxe a Torremolinos para a terceira idade 2012.
- 22.03.12.- Corrección de erro no pé dun decreto ditado o 7 de novembro de 2011.
- 22.03.12.- Inicio de procedemento de adxudicación do alleamento da finca: Urbana-finca núm. 9-residencial 3-parcela en el área de reparto núm. 8, polígono 1, lugar de Lamiño.
- 22.03.12.- Inicio procedemento sancionador tráfico.
- 22.03.12.- Expediente sancionador de tráfico.
- 23.03.12.- Autorización e disposición do gasto pola cantidade de 200,00 € para a viaxe cultural a Torremolinos.
- 23.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 4.069,20 euros (Viajes Vitoria SA).
- 23.03.12.- Delegar o exercicio das funcións da Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde Ramón Rodríguez Romarís desde o día 25 ata o día 30 de marzo de 2012.
- 23.03.12.- Aprobar a liquidación das taxas da XGL celebrada o 22 de marzo.
- 26.03.12.- Fixación servizos mínimos durante a folga do 29 de marzo.
- 26.03.12.- Publicación edicto no DOGA.
- 28.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.453,04 euros (Telefónica España).
- 30.03.12.- Pago nóminas laborais.
- 30.03.12.- Pago gratificacións a un laboral.
- 30.03.12.- Pago gratificación a un funcionario.

30.03.12.- Abono da diferenza entre os complementos específicos polo posto de interventor accidental.

30.03.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 19.601,08 euros (facturas varias).

02.04.12.- Pago nómina funcionarios.

02.04.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación do regulamento de réxime interno da piscina cuberta municipal de Brión.

02.04.12.- Adxudicación á empresa Feiraco Sociedad Cooperativa a execución do contrato de suministro de gasóleo A e gasóleo C.

02.04.12.- Recepción das obras de Saneamento en Nináns-Fosa Vilar.

02.04.12.- Aceptación da execución das obras de Pavimentación de Igrexa de Bastavales a Vilas, Pavimentación de Baliño a Saime, e Pavimentación en S. Xulián de Bastavales ( Proxectos Estratéxicos de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM-Rural).

02.04.12.- Ordenar o ingreso das cantidades retidas a un traballador a favor do Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela e dar cumprimento ao oficio de embargo.

02.04.12.- Baixa no Padrón de Habitantes.

02.04.12.- Pago de produtividade.

02.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 461,75 euros (Telefónica España).

02.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 59.353,83 euros (facturas varias).

03.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 24.940,46 euros (cota decembro Mancomunidade Serra do Barbanza).

03.04.12.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de abril de 2012.

03.04.12.- Inclusión de veciños na actividade Encontros-Baile para a terceira idade 2012.

03.04.12.- Deixar sen efecto o contido do convenio de colaboración Transporte colectivo para minusválidos e terceira idade.

03.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 235,94 euros (facturas varias).

04.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 342,40 euros (Centyc Europa SL).

04.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1258,57 euros (Helvetia Suiza).

10.04.12.- Inicio expediente de fixación de indemnización a M<sup>a</sup> Concepción Freire polos elementos distintos do solo afectados como consecuencia da ocupación efectuada da porción da súa finca situada fóra da aliñación establecida no planeamento, en Soigrex, Os Ánxeles.

10.04.12.- Participación na XXX edición do Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor organizado polo Concello de Fene.

10.04.12.- Altas no padrón mes de marzo.

10.04.12.- Baixas no padrón mes de marzo.

10.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 100 euros (CP Agro Novo).

10.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 116,30 euros (anuncio BOP).

10.04.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de marzo de 2012.

10.04.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio dependentes correspondente ao mes de marzo de 2012.

13.04.12.- Aprobación liquidación orzamento 2011.

13.04.12.- Convocatoria Comisións Informativas para o 17 de abril e Pleno ordinario a celebrar o 18 de abril.

O Pleno queda enterado.

### **3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESAFECTACIÓN DE TERREO.**

Incorpórase neste intre ao Pleno a Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cobas Cajuso.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 12 de abril de 2012, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 17 de abril de 2012, que transcrita di:

Visto o escrito asinado por D. Vicente Freire Gómez, de data 3 de xaneiro de 2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 10, do 03.01.2012, no que sinala que a tenor da situación de reorganización do predio da súa propiedade sito na aldea de Nináns, con referencia catastral: 0549106NH2404N0001BS, motivada pola variación efectuada polos vieiros e camiños que circundan a mesma e de acordo co informe emitido polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Ramón Pardal Pardal, de data 22.11.2010, a planimetría anexa e as copias das escrituras aportadas pola propiedade onde se pon de manifesto a situación de facto experimentada, e solicita que se proceda á regularización de dita operación, de acordo coas formalidades esixidas polo RD 1093/97 ao obxecto de inscribir a variación de lindeiros e de cabida no Rexistro da Propiedade.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 5 de xaneiro de 2012, no que sinala que ten por obxecto definir e contrastar a partir da documentación técnica presentada pola propiedade con data 03.01.2012 e a documentación técnica anexa redactada polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Ramón Pardal Pardal de data 22.11.2010, a situación real sobre os lindeiros, unha vez modificados estes, dunha parcela de natureza urbana con referencia catastral: 0549106NH2404N0001BS, e clasificada polo PXOM dentro dun ámbito de solo de núcleo rural e onde se recollen os cambios derivados da permuta efectuada dun camiño existente entre as propiedades do solicitante sitas na aldea de Nináns e outro camiño público colindante tamén coa propiedade e que a continuación se detalla:

Situación actual:

De acordo coa memoria e a planimetría que compoñen o informe emitido polo técnico Sr. Pardal Pardal, a situación actual é despois das modificacións realizadas e que afectan aos camiños mentados, xunto coa conseguinte variación de superficie experimentada sobre a parcela privada da súa propiedade, como segue:

A) Parcela orixinal. Descrición:

A parcela de D. Vicente Freire Gómez tiña en orixe unha extensión superficial de dez áreas e cinco centiáreas (1.005 m<sup>2</sup>), e lindaba: polo seu vento Norte, con D. José Vilariño Boullón; vento Sur, camiño e despois o mesmo D. Vicente Freire Gómez; vento Leste, D. José Vilariño Boullón, e Oeste con D<sup>a</sup>. María Pais Hombre e camiño.

B) Parcela actual. Descrición:

Na actualidade o camiño que lindaba entre as propiedades do requirente e que figura nos planos de concentración parcelaria da zona, foi eliminado do tramo afecto entre as dúas parcelas do solicitante e, polo vento norte da propiedade anteriormente descrita discorre un novo vieiro de maior entidade e que discorre polo interior da aldea, correspondéndose polo tanto a descrición actual do predio: Parcela urbana cunha extensión superficial de sete áreas e sesenta e sete centiáreas ( 767 m<sup>2</sup>); linda: polo seu vento Norte, camiño do interior da aldea asfaltado; Sur, D. Vicente Freire Gómez; vento Leste vieiro e vento Oeste D<sup>a</sup>. María Pais Hombre e camiño, cerrada toda ela e sobre os seus lindes aquí descritos, por peche.

C) Existe unha modificación dos vieiros e camiños:

- O camiño que lindaba polo vento Sur e reflexado nos planos de concentración parcelaria, tiña unha lonxitude de 34,20 metros e unha anchura de 1,50 metros. Sendo polo tanto a extensión superficial de 66 m<sup>2</sup> ( remarcado no gráfico- plano que achega en cor vermella).

- Este vieiro foi eliminado- como ben puido comprobarse por parte deste técnico municipal en datas recentes- e modificado por outro, que discorre na actualidade polo vento norte da propiedade do solicitante D. Vicente Freire Gómez. Este último ten unha lonxitude de 63,40 metros e con un ancho medio de 4,00 metros. Sendo polo tanto a extensión superficial de 304 m<sup>2</sup>( remarcado no gráfico-plano que achega en cor azul.)

- A diminución de superficie do predio do solicitante aquí descrita experimentou un defecto de cabida de: 1.005 m<sup>2</sup> orixinais - 767 m<sup>2</sup> actuais: 238 m<sup>2</sup>, que veñen a coincidir coa alteración ou permuta producida entre os vieiros anteriormente descrita.

- Por outra banda este camiño ven recollido polo planeamento xeral, sinalando este, tanto a súa traza como a aliñación oficial do vieiro interior da aldea, dándolle deste xeito un carácter estruturante dentro da trama do núcleo e a súa vez posibilitando que se poida edificar sobre o mesmo, de acordo co establecido ao respecto pola LOUG no seu art. 24. (achega gráfico onde se recolle o plano de ordenación e se indica a porción do camiño afectado).

Conclusión:

1-. Xirada visita ao lugar con data 04.01.2012 se constata que se ten levado unha modificación “de facto” sobre os vieiros, tal e como se describe no apartado anterior.

2-. Efectivamente se observa que se ten efectuado unha modificación do vieiro que lindaba polo vento sur e oeste coa parcela do Sr. Vicente Freire, quedando reducida como



consecuencia desta permuta de vieiro e xa expresada tamén no apartado anterior (-238 m<sup>2</sup>) e a favor do novo vieiro que linda na actualidade polo vento norte e leste e recollido polo PXOM como vieiro estruturante do núcleo.

3-. Deste xeito, haberá de procederse á instrumentalización de tal permuta de vieiro e de acordo cos trámites legais oportunos.

Visto o informe xurídico do asesor xurídico urbanístico do Concello de data 3 de febreiro de 2012, no que sinala como conclusión que será posible efectuar a permuta dos terreos que lindaban no seu vento Sur coa parcela de D. Vicente Freire Gómez ( dunha superficie de 66 m<sup>2</sup>) que segundo os planos de concentración parcelaria estarían destinados a vial, se ben o propio PXOM non recolle o citado vial, polos terreos propiedade de D. Vicente Freire Gómez (situados ao Norte da parcela da súa propiedade), se ben previamente deberá realizarse a valoración dos bens a permutar polos servizos técnicos municipais e así ver que non existe unha diferenza entre os citados bens do 50% do que o tivera maior, segundo o indicado no artigo 153 da Lei 33/2003.

Logo de realizada a valoración será necesario que se proceda de conformidade co sinalado no presente informe en cumprimento do previsto na Lei 33/2003, na Lei 5/1997, de 22 de xullo e no Regulamento de bens das entidades locais, isto é desafectación dos terreos que figuran como vial nos planos de concentración parcelaria, alleamento mediante permuta, para finalizar o proceso mediante a afectación dos terreos adquiridos polo Concello de Brión á traza viaria prevista no PXOM.

Considerando pois que os terreos do viario que lindaban no seu vento Sur coa parcela de D. Vicente Freire Gómez ( dunha superficie de 66 m<sup>2</sup> ) que segundo os planos de concentración parcelaria estarían destinados a vial, non cumpre xa coa finalidade pública á que foi destinado, posto que fíxose de facto unha permuta tal e como se describe no informe do arquitecto municipal, e visto o informe de Secretaría, proponho ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Aprobar inicialmente a desafectación do uso público do seguinte ben inmovible: terreos do viario que lindaban no seu vento Sur coa parcela de D. Vicente Freire Gómez ( dunha superficie de 66 m<sup>2</sup> ) que segundo os planos de concentración parcelaria estarían destinados a vial, cambiando su calificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

**2º)** Anunciar o acordo de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, en cumprimento do que dispón o artigo 8 do Regulamento de bens das entidades locais aprobado por RD 1372/1996, do 13 de xuño, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as suxestións ou alegacións que xulguen oportunas. De non haberlas, o acordo enténdese aprobado definitivamente.

**3º)** Facultar á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **4º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2011.**

Dada conta do expediente de aprobación da liquidación do orzamento do Concello de 2011 aprobada por resolución da Alcaldía do 13 de abril de 2012, que transcrita di:

Examinada a liquidación do orzamento municipal do exercicio 2011, formulada pola Intervención municipal, con suxeición ás normas previstas nos artigos 191 a 193 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, resolvín :

**Primeiro.-** Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2011, que ten os seguintes resultados:

|   |                    |
|---|--------------------|
| 1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS                               | 5.107.061,92       |
| 2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS                                | 5.831.026,75       |
| <b>3.RESULTADO ORZAMENTARIO SEN AXUSTE ( 1-2 )</b>          | <b>-723.964,83</b> |
| 4. DESVIAC. DE FINANCIACION IMPUTABLES POSITIVAS ( restan ) | 361.049,67         |
| 5. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN IMPUTABLES NEGATIVAS ( suman )  | 854.678,60         |
| 6. GASTOS FINANCIADOS CON RTGX ( + )                        | 374.642,91         |
| <b>7. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO ( 3-4+5+6 )</b>       | <b>144.307,01</b>  |

|  |            |                   |
|--|------------|-------------------|
| <b>FONDOS LÍQUIDOS</b>                         |            | <b>752.290,67</b> |
| <b>DEREITOS PENDENTES DE COBRO</b>             |            | <b>335.195,13</b> |
| +De orzamento corrente de ingresos             | 24.336,24  |                   |
| +De orzamento pechado de ingresos              | 342.722,65 |                   |
| +De operacións non orzamentarias               | 2.466,26   |                   |
| - Cobros realizados pdtes. de aplic.definitiva | 34.330,02  |                   |

|   |            |                   |
|---|------------|-------------------|
| <b>-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO</b>                 |            | <b>588.250,63</b> |
| +De orzamento corrente de gastos                  | 437.697,04 |                   |
| +De orzamento pechado de gastos                   | 23.901,96  |                   |
| +De operacións non orzamentarias                  | 126.666,94 |                   |
| -Pagos realizados pdtes. de aplicación definitiva | 15,31      |                   |
| <b>=REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL</b>             |            | <b>499.235,17</b> |
| <b>-SALDOS DE DUBIDOSO COBRO</b>                  |            | <b>273.513,27</b> |
| <b>-REMANENTE DE TES. PARA GASTOS F.A.</b>        |            | <b>204.523,74</b> |
| <b>=REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X.</b>          |            | <b>21.198,16</b>  |

**Segundo.-** Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre trala aprobación da citada liquidación.

**Terceiro.-** Remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma.

O Pleno queda enterado.

#### **5º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2011.**

Dada conta do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento xeral do exercicio 2011, de data 11.04.2012, que conclúe:

Se conclúe do cálculo anterior a capacidade de financiamento de 512.641,02 euros e por tanto, a situación do Concello de Brión é de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, polo que de conformidade co previsto nos artigos 16,19 e 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, procede:

- a) Elevar este informe ao Pleno para a súa toma de razón.
- b) Remitilo ao organismo da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira no prazo de quince días hábiles desde o coñecemento do Pleno.

O Pleno queda enterado.

#### **6º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DA AVALIACIÓN ANUAL DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO.**

Dada conta do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do Plan de Saneamento de data 11 de abril de 2012, no que se remata sinalando que se informa favorablemente respecto ao cumprimento anual do plan de saneamento aprobado.

O Pleno queda enterado, debendo remitirse ao Ministerio de Facenda por transmisión electrónica nos modelos habilitados para tal fin, incorporando a sinatura electrónica do Interventor acctal municipal.

## **7º) MOCIÓNS.**

Apróbase a urxencia por unanimidade dos doce membros presentes das seguintes mocións:

### **1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE AS TORRES DE ALTAMIRA.**

Dada conta polo Sr. Concelleiro Tomé Fondo da moción, que transcrita di:

Desde xa hai varios anos, o camiño que serve de acceso ás Torres de Altamira atópase en malas condicións, dificultando que calquera persoa poida acceder comodamente para contemplar o noso patrimonio.

Dito camiño atópase cheo de pedras, unhas a medio soterrar e outras soltas, o que pode provocar esvaróns desagradables, a parte da incomodidade de camiñar nesas condicións. Téñase en conta que gran parte dese camiño, atópase en pendente, o que provoca maior dificultade para o acceso ás citadas torres.

Por outra banda, a falla de limpeza no lugar é evidente, debido á falla de conciencia social dalgunhas persoas. Pero deste xeito, podémonos atopar frecuentemente con restos de comida, latas, botellas valeiras, así como restos de leña queimada utilizada para algunha fogata, que permanecen no lugar durante grandes tempadas.

E tamén, por falla de conciencia e civismo dalgunhas persoas, atopámonos desgraciadamente e con frecuencia, con diversos actos de gamberrismo como pintadas na pedra; algún dano no lugar ao descolocar algunha pedra; fogatas realizadas incluso dentro da propia torre; e desde hai varios meses, co roubo das placas indicativas deste patrimonio.

Deste xeito, desde o Partido Popular consideramos que debemos coidar e potenciar o noso Patrimonio Histórico e Cultural. Por iso entendemos que o camiño de acceso ás citadas Torres de Altamira debe ser acondicionado dalgunha maneira, para facilitar o tránsito e as visitas das persoas.

Do mesmo xeito, debe existir un mínimo de limpeza no lugar dunha maneira periódica, para que calquera persoa e visitante poida gozar do entorno da natureza e do noso patrimonio.

Así mesmo, sería recomendable que se fixera unha vixilancia máis continuada no lugar, evitando calquera tipo de gamberrismo ou incluso evitando calquera roubo, como o producido nos carteis que alí estaban colocados.

Como punto derradeiro, desde o Partido Popular temos constancia de que algunha veciñanza do noso Concello, sobre todo, moitas persoas que viñeron a vivir a Brión procedentes doutros lugares, non teñen coñecemento algún sobre as nosas torres. Algúns descoñecen este patrimonio, e outros escoitaron ou leron algo sobre el, pero nin saben onde se atopa nin a súa ubicación exacta.

Por iso sería recomendable que na revista municipal Altamira, se fixera unha pequena reportaxe ou artigo sobre as Torres de Altamira, promocionando deste xeito o citado patrimonio.

Por conseguinte, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Que o Alcalde de Brión faga as xestións pertinentes para que se acondicione o camiño de acceso ao lugar antes indicado, facilitando deste xeito, as visitas ao lugar pola veciñanza e calquera visitante.

2.- Do mesmo xeito, que por parte do Concello se fagan as xestións pertinentes para que se manteña periodicamente limpo o lugar, e se reforce a vixilancia na medida do posible, para evitar calquera acto de gamberrismo.

3.- Que na revista municipal Altamira, se faga unha pequena reportaxe ou artigo, con información diversa sobre as Torres de Altamira co fin de promocionar este importante patrimonio histórico e cultural.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que non hai ningún inconveniente en aprobar os dous primeiros apartados dispositivos do acordo sempre que se aclare que debe facelo a Deputación da Coruña que é a propietaria e que a limpeza a fai periodicamente todos os anos, polo que habería que pedirlle á Deputación que arranxe o camiño e habería que retirar o apartado terceiro porque as Torres de Altamira saíron na revista municipal Altamira nos núm. 0, 14, 17, 19, 23, 34, 42, 51 e nalgún número especial, o estamos facendo polo tanto e imos seguir facéndoo.

Así pois os apartados 1 e 2 do acordo se emendan no senso de instalos á Deputación Provincial e hai que sinalar que é a única propiedade que ten a Deputación no sur da provincia, se trata de que tome nota e o 3 apartado debe retirarse.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que a revista fala das Torres de Altamira pero hai xente que non sabe onde están.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o Concello podería facer un plan de recuperación das Torres de Altamira e propoñerllo á Deputación para a posta en valor, e remata sinalando que non está posto en valor e por iso é pouco coñecido.

O Sr. Alcalde sinala que creo que é o que se aproba hoxe aquí e que a Deputación ten o estudio feito no seu día pola Universidade de Santiago e que o execute, nada máis.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda in voce plantexada pola Alcaldía e aceptada polo grupo municipal do PP propoñente da moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

En consecuencia queda aprobado o seguinte acordo:

1.- Que a Deputación Provincial da Coruña faga as xestións pertinentes para que se acondicione o camiño de acceso ao lugar antes indicado, facilitando deste xeito, as visitas ao lugar pola veciñanza e calquera visitante.

2.- Do mesmo xeito, que por parte da Deputación Provincial da Coruña se fagan as xestións pertinentes para que se manteña periodicamente limpo o lugar, e se reforce a vixilancia na medida do posible, para evitar calquera acto de gamberrismo.

## **2. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

Dada conta polo Sr. Concelleiro Pena Espiña da moción, que transcrita di:

O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará as corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde so financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros.

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado ven a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrência é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida as prestacións están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1-. Instar á Xunta de Galiza a:

- a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.
- c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.
- d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que estamos totalmente de acordo, non só agora, de feito o Concello o ano pasado presentou un recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Galicia de concesión de subvencións do plan concertado; con este decreto o Concello tería unha traballadora social, entre 0 e 0,5 auxiliares administrativos, xa nos dirán como, e un psicólogo pero sen especificar máis nada, sen especificar en función de que parámetros se tería este último. Engade que no ano 2012 con este decreto o Concello recibirá cero euros de subvención, o servizo de axuda no fogar de libre concorrencia desaparecerá e os outros tamén porque ninguén se dará de alta porque custa cartos, polo tanto apoiamos a moción plenamente non só polos veciños do Concello de Brión senón polos veciños de todos os concellos de menos de 20.000 habitantes, estamos totalmente de acordo coa moción.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que lendo a moción parece que a Xunta de Galicia deixa sen axuda aos concellos de menos de 20.000 habitantes, pero hai que dicir que o decreto por un lado fixa o financiamento dos servizos sociais e por outro desenvolve a lei de servizos sociais definindo as competencias de cada administración, así a Xunta financiará o servizo de axuda no fogar a dependentes de todos os concellos de Galicia, de máis e de menos de 20.000 habitantes, e a maiores financia aos de máis de 20.000 habitantes ou que se asocien para

prestar servizos; a novidade é que as deputacións deben colaborar economicamente e prestar asistencia técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes; o servizo de axuda no fogar básico polo tanto non se deixa sen financiamento senón que o fará a Deputación.

Engade o Sr. Concelleiro que segundo os datos da Xunta de Galicia o servizo de axuda no fogar no ano 2011 foi subvencionado con trinta millóns de euros e o resto do plan concertado con quince millóns; a Lei 5/1997, de administración de Galicia di cales son as competencias das deputacións e di o de colaboración cos concellos e a Lei de servizos sociais tamén e por iso este decreto agora regula esta materia; non estamos de acordo con iso de que a Xunta deixará sen financiamento o servizo de axuda no fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes e emendamos a moción no sentido de que continúe a Xunta co financiamento dos servizos sociais como ata agora e instar a Deputación da Coruña a que cumpra esas leis para que colabore cos concellos, instar a necesaria colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación para que a Deputación financie o servizo de axuda no fogar básico e aos traballadores sociais.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o decreto é claro con independencia das interpretacións que faga cada quen, pasarlle a competencia á Deputación sen dicirlle como vai financiar está ben, pero a moción tal e como está plantexada debe manterse, para que non haxa modificación do financiamento, polo que non se acepta a emenda.

O Sr. Alcalde sinala que mantemos o dito antes, mantivemos consultas e a Xunta só financiará aos concellos de menos de 1.000 habitantes e financiará a traballadora social e servizo de axuda no fogar para dependentes e creo que en Brión teremos problemas para manter os servizos sociais que temos e o persoal, polo que apoiamos totalmente a moción.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

### **3. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) DE REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL APROBADA POLO GOBERNO DO ESTADO.**

Dada conta polo Sr. Concelleiro Pena Espiña da moción, que transcrita di:

O Goberno central ven de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galiza.

O Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que, xa desde a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

Porén, como o propio Goberno ven afirmando, esas medidas non contribuírán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Confírmase así, que o verdadeiro programa de Goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo de quenés máis teñen, en



prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo. Constátase que o verdadeiro propósito do Goberno actual consiste en empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras, rebaixando as súas condicións laborais.

A reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar e desenvolver de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dese xeito, a nova regulación laboral:

- Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén a dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.
- Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en base mesmo a situacións conxunturais dunha empresa e non estruturais.
- Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulacións de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, até mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.
- Desampara ás persoas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.
- Crea un contrato indefinido específico, denominado "de apoio aos emprendedores", mais aplicable ao 99 por 100 das empresas en Galiza, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.
- Racha co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao homologar as condicións e traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en mans da dirección empresarial a devaluación das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial.

A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo Goberno central terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas das persoas traballadoras neste concello, que son a maior parte da nosa poboación e merecen dun respaldo institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais atinxidas en beneficio das maiorías sociais.

O noso Concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir -con afán de confundir- o Goberno central, en realidade mingua dereitos regulados en normas públicas que favorecían ás persoas traballadoras, para que fiquen a vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Manifestar o rexeitamento da Corporación Municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder á derogación de dita norma.

2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulo reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

2º) Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e Parlamento de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galiza.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que debe existir consenso sindical, que é unha volta aos anos sesenta, que se trata de rexeitala por como está feita e polos contidos da mesma.

O Sr. Alcalde sinala que para ser coherente co dito en anteriores Plenos cremos que non é este o lugar de presentar esta moción, pero unha vez presentada e aprobada a urxencia temos que dicir que esta reforma laboral parécenos a perda máis importante de dereitos dos traballadores; que o feito en corenta anos se botou abaixo en tres meses, que por estar de baixa por enfermidade oito días non se pode botar a ninguén porque é unha barbaridade.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que falar de consenso sindical agora é bastante significativo, porque os sindicatos nos últimos anos non adquiriron moita credibilidade, porque co goberno do PSOE chegouse a cinco millóns de parados e nada, e agora en tres meses do goberno do PP convocan unha folga xeral.

Engade o Sr. Concelleiro que todo tipo de reformas ou axustes da lugar a tensións, que hai algunhas novidades e se crea algún dereito como o dereito á información; que a reforma baséase no principio de negociación ou flexibilidade entre empresarios e traballadores, outra novidade é a introdución dun novo modelo de contrato importante sobre todo para as pequenas e medianas empresas, que hai bonificacións para contratacións e en conclusión, dada a amplitude do tema, sinalar que a reforma laboral é unha normativa necesaria dados os tempos nos que nos atopamos, que estimula a autónomos e Pemes, consolida a formación e recoloca aos afectados por expedientes de regulación de emprego cando o despedimento afecta a máis de cincuenta traballadores e se di vostede que se volve corenta anos atrás eu teño que dicir que a primeira vez que se reduciu o soldo aos funcionarios foron vostedes e fixeron conxelación das pensións, polo tanto como resumo creo que o PSOE non está lexitimado para ir contra esta reforma laboral porque é o causante.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que a reforma debía facerse para combater o paro e o Presidente do Goberno dixo que este ano vai aumentar e sen embargo a norma que había xerou emprego; no fondo se trata de que hai un plan europeo de ir desmantelando o estado do benestar e unha vía é actuar de xeito que dereitos que parecían intocables se eliminan, que é unha política liderada por Alemania e á que se subiron outros países como tivo que facer o Sr. Zapatero.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que é sorprendente que diga vostede iso da estratexia europea.

O Sr. Alcalde sinala que como remate hai que dicir que é difícil xustificar a reforma laboral.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que en Brión tamén hai parados e é importante tratalo.

O Sr. Alcalde sinala que cada administración ten as súas competencias, pero non imos entrar niso, que é difícil xustificar o despedimento libre, o despedimento por oito días de baixa por enfermidade, contratos a mozos que se poden repetir as veces que se queira, sen que teñan ningún dereito, en fin, hai motivos máis que suficientes para xustificar que se aprobe a moción, porque como non se frene isto a Europa non a vai recoñecer nin Deus.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP(4).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

## **8º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **8.1. Rogo por escrito do PP:**

Exposición de motivos:

Segundo puido constatar este grupo popular, existen en Brión diversos lugares como parques, paseos, aparcadoiros e urbanizacións con exceso de iluminación, nos que a concentración de farois é tal, que se poderían suprimir algunha delas, sen ocasionar ningún prexuízo aos veciños, podendo así instalarse algunha en lugares e aldeas con iluminación insuficiente, e aínda así, producindo un grande aforro enerxético e económico.

A idea é que suprimindo a determinadas horas (de doce da noite ata as sete da mañá) os farois en exceso (por exemplo 200 farois), poderíamos colocar algún nos lugares con escasez de iluminación (por ex. 50 farois), e aínda así, aforraríamos moito diñeiro aos veciños e ás arcas municipais, ofrecendo un mellor e máis redistribuído servizo cun menor custo (aforraríamos a enerxía de 150 farois, ofrecendo o mesmo servizo onde existía, e un mellor servizo nos lugares onde se colocaron eses 50 puntos de luz de reforzo).

Se estas urbanizacións cumpren coa normativa, deben ter unha instalación trifásica, e nestes momentos de apuros económicos para os Concellos e para a veciñanza, é moi lóxico que desde as doce da noite ata as sete da mañá, se desconecte unha fase, garantíndose completamente a iluminación e seguridade para as persoas, sen apenas notar cambios e permitindo deste xeito un considerable aforro económico e enerxético para os nosos petos.

Non é comprensible que existan lugares con exceso de iluminación, nin outros con escaso movemento de persoas, e permanezan iluminados toda a noite, mentres que moitísimas aldeas de todas as parroquias, teñen unha escasa iluminación.

Noutros lugares como parques, paseos ou aparcadoiros, que apenas son transitados pola noite, pódense desconectar durante esas horas varios farois, deixando sempre as necesarias para garantir a seguridade do lugar.

A nosa proposta baséase en ofrecer un mellor servizo grazas á redistribución de farois e a un maior aforro enerxético e económico debido á desconexión dalgunha delas.

Queremos insistir e deixar ben claro, que desconectar algún farol dalgúns lugares ou urbanizacións con exceso, sempre implicará garantir a correcta iluminación e seguridade para os veciños e as súas vivendas.

Tal é así, que se aproveita a ocasión para pedir neste sentido ao goberno municipal, que en dúas zonas moi importantes e transitadas como é o vial que une as dúas rotondas da autovía, así como a zona da Igrexa de Brión, volvan conectar os farois ou polo menos, algún deles.

O vial que une as dúas rotondas da autovía, é un lugar de entrada e saída a esta infraestrutura, e loxicamente moi transitada por persoas e vehículos. E non pode estar totalmente ás escuras como se encontra todos os días desde primeira hora da tarde.

O mesmo acontece nas inmediacións da Igrexa de Brión, onde os farois se encontran apagados todo o día. É necesario deixar algún farol encendido nese lugar, garantindo a seguridade da Igrexa por posibles roubos, e facilitando o tránsito aos veciños que se dirixen cara a Trasouteiro, As Torres, Viceso e Ons.

No Pleno municipal de finais do pasado ano, este grupo preguntaba ao Sr. Alcalde por qué estas dúas zonas encontrábanse totalmente ás escuras. A resposta dada foi que se pretendía aforrar enerxía apagándoas desde as doce da noite. Pero puidemos comprobar, que os farois se encontran apagados desde primeira hora da tarde. Por iso consideramos que os farois deben apagarse a partir das 12 da noite, e non desde primeira hora da tarde, e sempre deixando algún farol encendido para garantir unha correcta visibilidade e seguridade ao tráfico e ás persoas.

En definitiva con esta proposta, demóstrase que desde as administracións se pode aforrar diñeiro, presentando os mesmos ou incluso mellores e máis distribuídos servizos, beneficiando así as arcas municipais e os petos dos contribuíntes.

Por conseguinte, elévase ao Pleno o seguinte rogo:

1.- Que o Sr. Alcalde ordene facer unha revisión por todas as parroquias brionesas, para detectar aqueles lugares como parques, paseos, aparcamentos, e calquera outro sitio onde exista un exceso de farois, e que non sexan transitados durante a noite, co fin de poder desconectar desde as 12 da noite ata as 7 da mañá (aproximadamente) os máximos farois posibles, garantíndose en todo caso, unha correcta visibilidade e a seguridade das persoas e vivendas.

2.- Que naquelas urbanizacións onde haxa un exceso de iluminación e polo tanto de farois, se desconecte unha fase das tres que deberan ter na súa instalación, nas horas anteriormente sinaladas, para obter un maior aforro enerxético e económico. Insistindo de novo, en que garantíndose sempre unha correcta visibilidade e a seguridade de persoas e vivendas.

3.- Que se visiten todas as aldeas do noso Concello, co fin de comprobar aquelas nas que exista unha escasa iluminación, co fin de poder instalar algún punto de luz que polo menos, facilite o tránsito e a seguridade dos nosos veciños e das súas vivendas.

Tal e como se apuntou ao comezo do presente rogo, non se trata de instalar un número de farois novos igual ao número de farois que puidesen desconectarse. Pero si propoñemos que dun alto número de farois que puidesen ser desconectados, polo menos a iluminación dalgún deles, sexa utilizada naqueles lugares que teñan unha insuficiencia de iluminación.

4.- Consideramos que esta proposta supón prestar o mesmo servizo ou incluso mellor e máis redistribuído á nosa veciñanza, sen custo ningún para as nosas arcas municipais, e supoñendo un aforro económico para os contribuíntes e un aforro enerxético beneficioso para o medio ambiente.

Por iso propoñemos mediante o presente rogo, que o Sr. Alcalde adopte as medidas necesarias para que en xeral, se eviten os farois naqueles lugares onde exista exceso de iluminación a determinadas horas, e se utilice parte do aforrado en dotar dunha correcta iluminación aqueles lugares con escasez.

5.- Que o Sr. Alcalde faga as xestións pertinentes para que os farois dos lugares antes citados (entre as dúas rotondas da autovía, así como nas inmediacións da Igrexa de Brión) estean encendidos ata as 12 h. da noite, e que a partir desa hora, permanezan encendidos os farois necesarios para garantir unha correcta iluminación e seguridade ás persoas e aos inmobles do lugar.

6.- Por se nalgún lugar, non se puidesen desconectar algúns farois mentres outros seguen encendidos, prégase que o Concello pida, se fosen necesarios, varios presupostos por se existise a necesidade de instalar algún dispositivo que permita cumprir o obxectivo.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que agradácese o rogo e tómase nota, e dicir que desde hai meses estamos a facer actuacións para reducir o custo, estase a facer un control para reducir o consumo, solicitouse ao Inega subvención para unha auditoría, estase colocando un sistema de apagado e encendido por célula fotoeléctrica e reloxo nos alumeados de máis custo para o Concello, estanse a facer revisións en todas as parroquias apagando sitios que non se consideran necesarios, se fixo o ano pasado unha obra importante de aforro enerxético de cambio de farois, e o vial que vai por baixo da autovía se apaga desde as doce da noite ás seis da mañá, un lado da rúa Tarrío e polo campo de fútbol, non se conectou ao alumeadado da unidade de actuación número oito, a Iglesia porque non vive ninguén polo que non ten sentido, e apagouse tamén en pistas deportivas de Bastavales e apagaráse na recta, adaptarémonos á información que nos dea o Inega co estudio que faga.

## **8.2. Rogo por escrito do PP:**

Exposición de motivos:

Desde hai unhas semanas, este grupo popular ten constancia por algún veciño que no paseo do río Pego, un grupo de persoas está a facer algunha comida ou cea, deixando o lugar en moi malas condicións.

Segundo nos fixeron constar, varias son as ocasións nos que se atopan os restos da comida e lixo en xeral, espallada polo lugar. Do mesmo xeito, atópanse con algunha botella de cristal rota, algún bote de bebida flotando no río, e algún dano do mobiliario urbano.

Nestes días, de novo un veciño púxose en contacto con este grupo, para que visitáramos o lugar, xa que outra vez máis, había restos de comida e lixo tirada polo solo. Persoados no lugar, puidemos comprobar a veracidade dos feitos, observando ademais do lixo por alí tirado, unha papeleira de madeira rota, así como uns botes de bebidas flotando no río.

Por desgraza os actos de gamberrismo e a falla de civismo dalgunhas persoas, nos obrigan de vez en cando a ter que tomar medidas de previsión contra este tipo de feitos.

Polo xeral, a xente coida o entorno do río Pego con respecto, pero por ocasións, sempre aparecen algunhas persoas que cometen este tipo de feitos sen consideración algunha co lugar e co seu entorno.

Hai aproximadamente dous anos, este grupo popular denunciaba uns actos similares producidos, naquel caso, por motivo dun botellón. Pero a situación pareceu corrixirse. Agora de novo, nesta tempada parece ser que por este grupo de persoas, se volven a cometer con certa frecuencia, algúns actos que reflicten unha clara falla de civismo.

Por conseguinte, elévase ao Pleno o seguinte rogo:

- Que o Alcalde de Brión poña estes feitos en coñecemento das forzas e corpos de seguridade, co fin de aumentar na medida do posible, a vixilancia no lugar para evitar este tipo de feitos.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que agradécese o rogo, que pode haber unha noite de festa e que poñemos os medios policiais dos que dispoñemos, podemos sentirnos orgullosos da tranquilidade que existe neste Concello, pode haber unha noite como dixeran, pero non é o normal, independentemente de que se poña en coñecemento da policía.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que varias persoas me informaron de que eran grupos de persoas de países do Leste.

O Sr. Alcalde sinala que poñerá en coñecemento da policía.

### **8.3. Preguntas por escrito do PP:**

1.- Quixera que se nos explicasen cales son os criterios que segue o Concello de Brión para repartir a "produtividade" entre o diferente persoal municipal.

Responde o Sr. Alcalde que para o persoal laboral utilízase o convenio colectivo e para os funcionarios a base de execución núm. 63 do orzamento vixente.

2.- Quixéramos saber os criterios do Concello para conceder as axudas ou subvencións ás diferentes asociacións ou clubs en Brión.

Responde o Sr. Alcalde que utilízase a base de execución núm. 67 do orzamento vixente.

3.- En relación á pregunta anterior, quixéramos saber ¿que documentación se lles pide e revisa, para concedérselles ditas subvencións?.

Responde o Sr. Alcalde que utilízase a base de execución núm. 67 do orzamento vixente.

Engade que nas preguntas tentei non ser molesto, responder e non dicir máis nada, porque debía vostede ter tempo de ler o orzamento en dous meses e seis días.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo formula a seguinte **pregunta verbal**:

1. Me pode informar das razóns do expediente de reposición da legalidade urbanística incoado a Urban Servicios Inmobiliarios S.L. por decreto do 16.03.2012?.

Sinala o Sr. Alcalde que se responderá no próximo Pleno ordinario.

### **8.4. Rogos e preguntas por escrito do grupo Mixto (BNG):**

1 .- O novo campo de fútbol de Brión sempre arrastrou certas deficiencias, primeiro a ausencia de baños para o público, logo fallos no sistema de iluminación e ultimamente fallos no sistema de rego. Cando se inicia o rego queda bloqueado un dos aspersores o que resta moita presión aos outros e como consecuencia unha parte do campo sempre queda sen regar.

Queremos saber se o Goberno municipal e coñecedor destas deficiencia e se ten tomado medidas para resolvelas?

Responde o Sr. Alcalde que debíamos estar orgullosos do campo de fútbol que temos, que a peza está pedida e debe estar a chegar.

2.- As obras da nova estrada, coñecida como vial este, modificación da AC300 ramal de acceso á autovía AG 56, levan moitos meses paradas. As obras teñen comezado en xullo do 2009 pero no presente están estancadas, aparentemente por problemas no paso do río Pego nos Ánxeles.

Queremos saber que é o que pasa realmente?. Que xestións ten feito o Goberno local? E cando se prevé que rematen as obras?

Responde o Sr. Alcalde que o único que podo dicir é que o día 15 de marzo de 2012 houbo unha reunión da Comisión de Seguimento e se nos dixo que había problemas con Augas de Galicia e estaban resoltos, se é certo ou non, non o sei; posiblemente se non hai un cambio de actitude pola Xunta de Galicia nos obrigue a ir a un contencioso contra a mesma polo incumprimento do convenio, porque a autovía pasa por terreos municipais, cedidos polo Concello e o Concello pagou o que tiña que pagar, e a Xunta non cumpriu o convenio.

3.- Debido á persistente seca no tempo de inverno, diversos concellos da comarca teñen alertado de posibles restricións no consumo de auga para o tempo de verán.

No noso caso queremos saber se se prevén problemas co subministro e como se atopan as obras de bombeo do Tambre, planta de tratamento e rede de distribución do proxecto común conxunto co concello veciño de Ames.

Responde o Sr. Alcalde que non podo dicirlle as restricións que poida haber, de momento non temos problemas, pero se non chove estamos nunha situación case idéntica ao pasado ano onde tivemos que traer auga con cisternas; me conta que a ETAP está sen adjudicar polo que non funcionará para o verán e farase unha campaña para consumo responsable da auga sobre todo no tempo de encher as piscinas.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.